

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 9 DE FEBREIRO DE 2017**

A C T A

Ás 16:30 horas do día indicado, reúnense na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

Asistentes (5):

Beatriz P. Comendador Rey, Natalia Caparrini Marín, Belén Riveiro Rodríguez, Mercedes Solla Carracelas e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Asiste con voz pero sen voto (2):

Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández.

ORDE DO DÍA:

1. Elección do novo coordinador do *Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural*.



Toma a palabra en primeiro lugar o profesor Fermín Pérez Losada, en calidade de candidato elixido pola Xunta de Centro de Historia para optar á coordinación do mestrado, para expor as seguintes propostas:

Remodelación do mestrado:

- A declaración de interese para remodelar o mestrado será presentada de oficio polo coordinador.
- Na remodelación manteranse como obrigatorios os módulos 1 e 2, mentres que o módulo 3 reunirá toda a optatividade.

Renovación da Comisión Académica do Mestrado:

- A CAM seguirá constituída por cinco membros ata novo acordo, adiándose a elección dos dous membros que representaban á Escola Superior de Restauración e Conservación de Bens Culturais de Galicia.



A Comisión Académica elixe por unanimidade ao profesor Fermín E. Pérez Losada coordinador do *Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural*.

2. Proposta de nomeamento de novo secretario e membros da Comisión Académica do *Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural*.

Apróbase por asentemento a proposta de nomeamento do profesor Adolfo Fernández Fernández como novo secretario do *Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural*.

Finalmente intervén a profesora Beatriz Comendador para agradecer o esforzo e apoio durante estes anos de traballo conxunto tanto á secretaria do máster, profesora Beatriz Vaquero Díaz, como a todas as integrantes da comisión académica. Ademais expresa a súa satisfacción pola continuidade do mestrado, e formula os seus mellores desexos de éxito para esta nova etapa do mesmo e para o novo equipo de coordinación.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión.



Ourense, a 9 de febreiro de 2017

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. M^a Beatriz Vaquero Díaz



DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 23/02/2017.

O Secretario,

Adolfo Fernández Fernández